

A BANDA QUE NINGUÉN COÑECE

Textos e ilustracións de NADIA BUDDE

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 24 x 22 cm. 40 páx. 16 €

[A banda que ninguén coñece](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-376-9. Álbum ilustrado. Demademora.

[La banda que nadie conoce](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-377-6. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

[La banda mal vista](#) (català)

ISBN 978-84-10387-13-3. Álbum ilustrat. Obres d'autor/a.

[Banda ezezaguna](#) (euskara)

ISBN 978-84-9172-416-2. Album irudidunak. Egile lanak.

Mirada de moucho.

Cabelo encrespado.

Con traxe axustado.

Riso feiticeiro.

Chegou o primeiro!

Ritmo, humor, diversión... O paso do anonimato ao éxito rotundo dun grupo musical cuns estafalarios intérpretes.

As lectoras e os lectores que ficaron engaiolados coas rimas encadeadas, co humor e cos orixinais personaxes de «Un dous tres, que ves?», «Un dous tres, vampiro ti es» e «Un dous tres, Nadal é», seguirán gozando desta nova obra de Nadia Budde. «A banda que ninguén coñece» destaca polo seu ritmo trepidante e o dinamismo das súas páxinas, nas que acontecen divertidas situacións protagonizadas por uns músicos pintorescos, estafalarios e nada convencionais, tanto polo seu aspecto como polos instrumentos que tocan.

Trátase dunha historia de crecemento e recoñecemento cunha estrutura que, no plano narrativo, se apoia nas rimas, nas repeticións e nos xogos de palabras. Trala chegada do grupo nunha furgoneta, descríbense as calidades físicas e a indumentaria de cada intérprete. Paralelamente, vaise incrementando o público que observa a presentación. Co inicio do concerto, a atención céntrase nos bailes duns espectadores entusiasmados e no ambiente festivo, que parece rematar cando finaliza o espectáculo.

Lonxe de asustar, os seres de aspecto monstruoso que habitan neste rocambolesco relato suscitan simpatía e curiosidade. As ilustracións son de trazos grosos e deliberadamente imperfectos, con volumes irregulares, cores planas e intensas, nas que se aprecian elementos gráficos —a división das páxinas, os signos cinéticos e acústicos...— próximos á estética do cómic.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** música, humor, diversión.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** estilos musicais, instrumentos, cancións, baile, espectáculos; rimas, humor, historia de coñecemento; descrições, adxectivos, vocabulario, números, letras maiúsculas; da autora de «[Un dous tres, Nadal é](#)», «[Un dous tres, vampiro ti es](#)» e «[Un dous tres, que ves?](#)» (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-banda-que-ninguen-conhece-g_nadia_budde

Nadia Budde

(Berlín, 1967)

Escritora e ilustradora. Dedicábase á publicidade antes de comezar a súa formación na Escola de Artes Gráficas de Berlín e na Real Academia de Arte de Londres. Foi distinguida cos premios Linx e Troisdorf, recibiu unha mención nos Premios da Feira Internacional do Libro de Boloña 2009 e foi nominada ao Premio Memorial Astrid Lindgren 2017, entre outros recoñecementos. As súas obras foron traducidas e publicadas en moitos países.

<http://www.nadiabudde.de>

